

C O U S A S

Dí Castelao que el quixo ser un "ventureiro" das letras. "Ventureiras" chámaseselles en Galicia ás froles e ás plantas que medran espontáneas, que aparecen, ás veces, onde ninguén pensaría que poden aparecer. "As froliñas ventureiras que nacen nos campos, parecen creadas polo Bosco ou por Breughel o Vello, namentras que as froles foulentas de xardín semellan os encoiros manteigosos de Rubens".

Castelao decidiu saír á vida literaria de "ventureiro", e nono fai máis que na intención, quezáis, de lle restar importancia ao que facía, de deixalo nese terreo de gracia levián, desfrolación do tema, de visión apenas rozada pola palabra, coa cal, noustante, é co que acadou a súa transcendencia.

"Galaxia" reedita agora a Castelao e dános nas súas *Cousas*¹ ao Castelao completo, dibuxante i escritor na súa chea capacidade de expresión. O mundo que el ollou, amou, refugou e recreou, atopou resposta na palabra ou na imaxe, e si está vivo o Castelao dibuxante, está asombrosamente vivo este Castelao "ventureiro" da letra.

Compre reconocer que algo fundamente valioso, algo fundamental decide a obra feita dende dentro, dende a verdade. Ao abrir este libro, ao dispoñermonos a unha releitura sabemos que imos ao encontro de algo entrañable que nos impón unha actitude de simpatía e de cariño; temos a cordialidade disposta, i esto só sería xa unha forma de chegar ao autor, de establecer un vencello de entendimento con el. Pero non agardamos a sorpresa de comprobar, tras anos de desconexión, que estamos diante dun escritor de inmediata actualidade, que representa, con persoalidade de seu, unha forma de facer literatura cujos elementos, en grande parte, considéranse como hachado e conquista do momento. As derradeiras correntes anovadoras parecen previstas. Atoparemos un tremendismo matizado, luxado, polido polo humor e a ternura; unha visión do mundo en que se percura na deformación a perspetiva exacta; unha mestura de realidade e fantasía, de interioridade i exterioridade.

Castelao, quezáis cunha vea xenial en moitos aspectos e, sin dúbida, na súa persoal, ás veces feroz, amarga e terna visión do humor, estivo en posesión do segredo que reviste ao artista dun valor de permanencia. Era o segredo da súa propia alma que lle infundiu o amor que embebe a súa obra, a que quixo facer sin cálculo inmediato, sin concesións á fama. E a súa literatura, así, chega a nós viva. Sentimos o patetismo e a caricatura da "derradeira noite de difuntos", o problema de conciencia apuntado só "na ponte vella", a sátira da impresión do fin do mundo causada polo reflector da escadra inglesa; o tremendismo na historia do tatuaxe de Ramón Carballo, a burla e a piedade no "Saramaguño", o atroz barbarismo no home, tan amigo de beber que "sendo pequeno foise ao augardente dun feto, que era tío seu, e deixouno sequiño de todo...", a impresión de absurdo da carta: "Eu era cismador e pensatibre...", o callofrío da fazaña do neno rillote, o que despóis se fixo rico e poderoso, onde se enfronta a realidade psicolóxica do acto gratuito.

Os elementos que empuxaron e arriqueceron a literatura actual, ou que permitiron un novo concepto da literatura dende o asento no irracional deica a preocupación social, están xa presentes nas *Cousas*, apuntados só, pero de tal xeito matizados i elaborados que o escritor parece "de volta" dunha etapa de evolución literaria. Nunha páxina ou en páxina e meia, en dúas cando máis, Castelao deixa esbozado e completo o cadro. Déixao aberto á curiosidade e á imaxinación do lector. Porque estas *Cousas*, antre todas, son un mundo, compoñen un mundo que soupo ollar e quixo amosstrar. Del terán cambreado as aparencias e as circunstancias. Pero é un mundo vivo.

Son necesarias estas reedicións, son acertadísimas. Permítennos unha toma de contacto con cousas, con persoas ás que non é xusto recluír nun circo pechado de lembranza por moito que se cobra de admiracións, porque resulta que poden estar aínda antre nós e son dos nosos días.

CONCHA CASTROVIEJO

¹ Editorial Galaxia, Vigo, 1962.